

S8 LABORATORIO

A XANELA FÍLMICA

ESPAZO VISUAL E ESPAZO SONORO

A MIRADA DA CINEASTA

TEORÍA

- O cinema como linguaxe.
- Romper a norma.
- A creación de personaxes.
- O espazo cinematográfico.
- A mirada delas.

PRÁCTICA

Partamos dunha xanela, como a plano secuencia de *Solar Breath* (*Northern Caryatids*, 2002) de Michael Snow. E xoguemos co que se ve e co que non se ve, dun modo intuitivo e entretido, dando lugar ao exercicio creativo conxunto e á análise colectiva. Coa paisaxe como descubrimento, co interior e o exterior como campos de creación, coa entrada e a saída de personaxes.

Planos-secuencia fixos que “convidan á contemplación (...) como un cadro” (Walter Benjamin), convidan a contemplar a metaformosis das imaxes, con tempo e acougo.



ASPERGA

- venres 17 de xuño - de 10:30 a 13:30
- sábado 18 de xuño - de 10:30 a 13:30
- domingo 19 de xuño - de 10:30 a 13:30

FUNDACIÓN LUIS SEOANE. A CORUÑA

INTRODUCCIÓN

O cinema posúe unha linguaxe con identidade propia que é necesario estudar xa que debemos dominar o medio do que somos usuarios. Neste laboratorio profundarase nalgúns dos principais códigos da narrativa fílmica. Profundando nas decisións narrativas e dramáticas da directora cinematográfica pero rompendo con patróns normativos dun cinema sistemático e de mainstream, para cuestionar o pensamento único, tamén desde unha perspectiva de xénero.

Este taller trata de experimentar coas posibilidades da linguaxe fílmica, especialmente en torno ao espazo cinematográfico e ao valor do cadro e do fose de cadro construído pola cineasta, porque “fotografar é apropiarse do fotografado” (Susan Sontag) e trátase de devolver ao plano e á súa contemplación a súa entidade, desde un punto de vista lúdico e experimental, aprendendo á vez que se xoga coa linguaxe.

DOCENTE: AINHOA RODRÍGUEZ

Ainhoa Rodríguez es directora de cine, también productora y guionista. Su primer largometraje Destello Bravío (2021) se ha estrenado en la Sección Oficial Tiger Competition de la 50ª Edición del prestigioso Festival Internacional de Cine de Róterdam – IFFR -, con gran repercusión de público y crítica. Es doctora en Teoría y Análisis Cinematográfico por la Universidad Complutense de Madrid con la tesis doctoral “El concepto de realidad en el cine de Fellini”; posee el DEA en el área de conocimiento de Comunicación Audiovisual y Publicidad. También es licenciada en Comunicación Audiovisual (UCM) y diplomada en Dirección de Cine y Realización de TV (TAI). Acaba de ganar el premio a mejor Dirección en el Festival Internacional de Cine de Vilnius|Kino Pavasaris por Destello Bravío (2021), que forma parte de la selección del 50º Aniversario del New Directors New Films organizado por el MoMA y el Film at Lincoln Center. La revista Variety la ha destacado como una de los diez cineastas emergentes SPANISH TALENTS ON THE RISE. Sus películas de corta duración han ganado numerosos premios por todo el mundo. Combina su trabajo como directora con la labor de profesora y ponente de lenguaje audiovisual en instituciones públicas y privadas desde hace varios años, actividad que le apasiona y con la que ha adquirido una gran experiencia.

OBJETIVOS

- Achegar ao medio cinematográfico para que adquiran uns sólidos coñecementos de linguaxe fílmico.
- Incita ao participante para construír as regras espazo-temporais propias e a apropiarse dun espazo real para facer fílmico.
- Defender unha mirada non normativa nas artes e na vida.
- Dotarlles de ferramentas para axudar ao seu alumnado para desenvolver un punto de vista crítico cara á materia, para que se enfronten ao visionado dunha obra audiovisual con sensibilidade, intelixencia e perspectiva de xénero.
- Profundar na cultura audiovisual e, por extensión, na nosa, profundando nos porqués do medio co que se vai a traballar, para que se refiran ao mesmo con propiedade.
- Resolver as principais dúbidas sobre a creación fílmica e a súa produción.